

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

4126 *Corrección de erros do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.*

Advertidos erros no Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 253, do 20 de outubro, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 18, artigo 3.3.a), liña segunda, onde di: «... servizo público de estiba e desestiba.», debe dicir: «... servizo portuario de manipulación de mercadorías.».

Na páxina 24, artigo 16.2, segunda liña do parágrafo segundo, onde di: «... do ente...», debe dicir: «... do organismo...».

Na páxina 28, artigo 24.2, última liña do parágrafo primeiro, onde di: «... lle atribúa.», debe dicir: «... lles atribúa.».

Na páxina 38, artigo 39.1, última liña do parágrafo segundo, onde di: «aplicados», debe dicir: «aplicadas».

Na páxina 50, artigo 64, no número 2, liña segunda, onde di: «requirirá», debe dicir: «requirirán». Así mesmo, na liña cuarta do parágrafo terceiro, onde di: «someterase», debe dicir: «someteranse».

Na páxina 57, artigo 74.b), última liña, onde di: «... na seguinte sección.», debe dicir: «... nesta sección.».

Na páxina 61, artigo 83, na terceira e cuarta liña da alínea a), onde di: «... non se realicen ou poidan realizarse...», debe dicir: «... non se realicen ou non poidan realizarse...».

Na páxina 62, artigo 83, debe inserirse un salto de liña antes do último parágrafo, sendo este un parágrafo independente da alínea c).

Na páxina 64, artigo 86.4, terceira liña, onde di: «... sexan iguais ou superiores...», debe dicir: «... sexa igual ou superior...».

Na páxina 65, no artigo 88, número 2, o parágrafo que figura como alínea c) debe ser o segundo parágrafo da alínea b), polo que a redacción do dito artigo queda como segue:

«2. Terán o carácter de modificacións substanciais as seguintes:

a) Modificación do obxecto da concesión.
b) Ampliación da superficie da concesión en máis dun 10 por cento da fixada na acta de recoñecemento.

Para estes efectos, unicamente será admisible a ampliación da superficie con bens de dominio público lindantes cos concedidos.

c) Ampliación do volume ou superficie construída e inicialmente autorizada en máis dun 10 por cento.

d) Ampliación do prazo da concesión, nos supostos establecidos nas letras b) e c) do artigo 82.2.

e) Modificación da localización da concesión.

No cómputo dos límites establecidos teranse en conta os valores acumulados de modificacións anteriores.»

Na páxina 66, artigo 89.1, penúltima liña do último parágrafo, onde di: «... a explotación desta resulte...», debe dicir: «... a explotación desta resulta...».

Na páxina 73, artigo 101.6, liña terceira, onde di: «... utilización daquela...», debe dicir: «... utilización daquelas...».

Na páxina 74, artigo 102, ao final do segundo parágrafo, onde di: «... Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.», debe dicir: «... Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.».

Na páxina 76, artigo 109.2, liña terceira do primeiro parágrafo, onde di: «... prego regulador e prescricións particulares...», debe dicir: «... prego de prescricións particulares...». Así mesmo, ao final do terceiro parágrafo, onde di: «... Diario Oficial de las Comunidades Europeas.», debe dicir: «... Diario Oficial de la Unión Europea.».

Na páxina 78, no artigo 111, número 4, última e penúltima liñas, onde di: «... titular da concesión, sempre que se cumpran as condicións exixidas para iso, que estarán restrinxidas ao ámbito xeográfico do dominio público da concesión.», debe dicir: «... titular da concesión ou autorización, sempre que se cumpran as condicións exixidas para iso, que estarán restrinxidas ao ámbito xeográfico do dominio público da concesión ou autorización.».

Na páxina 80, artigo 113.4.q), última liña, onde di: «... prestadores do servizo abertos...», debe dicir: «... prestadores de servizos abertos...».

Na páxina 88, artigo 128.3, liña terceira, onde di: «... extinción contra incendios,», debe dicir: «... extinción de incendios,».

Na páxina 93, artigo 132.9, liñas segunda e terceira, onde di: «... que realicen no porto, coa excepción...», debe dicir: «... que realicen no porto, cun máximo de unha vez cada sete días, coa excepción...».

Na páxina 100, artigo 143.2, quinta liña, onde di: «... punto I deste artigo...», debe dicir: «... número 1 deste artigo...».

Na páxina 103, artigo 150.4, liña cuarta, onde di: «... pregos reguladores do servizo.», debe dicir: «... pregos de prescricións particulares do servizo.».

Na páxina 103, artigo 150.5, liñas cuarta e quinta do parágrafo terceiro e liñas terceira e cuarta do parágrafo cuarto, en ambos os casos, onde di: «establecido no parágrafo primeiro deste punto», debe dicir: «establecido no número 4 deste artigo».

Na páxina 106, artigo 157.a), onde di: «... a deterioración e o resultado...», debe dicir: «... a deterioración e o resultado...».

Nas páxina 107 e 108, artigo 159.5, liñas sétima e vixésimo quinta, onde di: «3, b)», debe dicir: «3.b)».

Na páxina 113, artigo 171, o último parágrafo, numerado como número 4, debe manterse como parágrafo independente non numerado.

Na páxina 116, artigo 176.2, liña segunda, onde di: «buque», debe dicir: «buques».

Na páxina 118, artigo 181.a).2.º, último parágrafo, deben separarse en parágrafos independentes as diferentes definicións, de forma que a redacción do dito parágrafo queda como segue:

«t = tipo de gravame anual (%) fixado no outorgamento da concesión.

n = prazo restante da concesión no momento de finalización das obras.

k = 1,20 para n menor ou igual a 10 anos e k=1,15 para n maior que 10 anos.».

Na páxina 119, no artigo 181.b).1.º, no encabezado da táboa, a fórmula:

$$\ll i = 100 \frac{lu}{vt} k \gg, \text{ substitúese por: } \ll i = 100 \frac{lu}{vt} \gg$$

Na páxina 123, artigo 188.b).2.º 2, ao final do parágrafo segundo, onde di: «... ao abeiro da autorización.», debe dicir: «... ao abeiro da autorización ou licenza.».

Na páxina 126, artigo 197.1.f), liña cuarta, onde di: «contía básica (B), ou (S) no caso do transporte marítimo de curta distancia, polo coeficiente», debe dicir: «contía básica (B), polo coeficiente».

Na páxina 127, artigo 198.2, segunda liña, onde di: «comerciais, a taxa devengarase», debe dicir: «comerciais, salvo avituallamento, aprovisionamento ou reparación, a taxa

devengarase». O parágrafo seguinte, coas súas dúas alíneas, debe quedar coa seguinte redacción: «Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, o acceso a dique seco ou flotante, bancada ou instalación de varada considerárase operación comercial.».

Na páxina 132, no artigo 211.2, liña quinta, onde di: «... , salvo que teñan como destino ou orixe zonas de actividades loxísticas, ou de almacenaxe, ou plantas de construción e reparación naval, situadas na zona de servizo do porto.», debe dicir: «... , salvo que teñan como destino ou orixe usos complementarios ou auxiliares correspondentes a zonas de actividades loxísticas, ou de almacenaxe, ou plantas de construción e reparación naval, situadas na zona de servizo do porto.».

Na páxina 133, artigo 214.a).1.º, ao final do penúltimo parágrafo, onde di: «prevista no punto 1.º, 1.2.», debe dicir: «prevista na alínea a).2.º 2.».

Na páxina 134, artigo 214.b), na liña cuarta do primeiro parágrafo e na liña segunda da alínea c).1.º, en ambos os casos, onde di: «no punto 1.º», debe dicir: «na letra a)».

Na páxina 137, art. 218.2, nas liñas cuarta e quinta do segundo parágrafo, onde di: «... para buques pesqueiros cuxa última operación de descarga se efectuase no porto e estean en paro...», debe dicir: «... para buques pesqueiros que estean en paro...».

Na páxina 137, artigo 219.2.a), primeira liña, onde di: «a primeira venda», debe dicir: «a venda ou a primeira venda».

Na páxina 141, artigo 228.2, na liña sétima, onde di: «náutico- deportivas», debe dicir: «náutico-deportivas».

Na páxina 146, artigo 245, no número 1.c), liña primeira do parágrafo segundo, onde di: «autorización ou concesión», debe dicir: «autorización, concesión ou licenza».

Na páxina 151, artigo 252.2, liña primeira do parágrafo primeiro, onde di: «facultados», debe dicir: «facultadas». Así mesmo, na liña terceira do parágrafo terceiro, onde di: «persoas que poidan utilizala», debe dicir: «persoas que poidan levala a cabo».

Na páxina 153, artigo 255, liña primeira do número 3, onde di: «Rexistro de Buques e Empresas Marítimas», debe dicir: «Rexistro de Buques e Empresas Navieiras».

Na páxina 155, artigo 260.2, liña segunda do parágrafo segundo, onde di: «suxeición de horarios», debe dicir: «suxeición a horarios».

Na páxina 155, artigo 261.2, última liña do parágrafo segundo, onde di: «... integrados nelas.», debe dicir: «... integradas nelas.».

Na páxina 158, artigo 265.1, liña primeira, onde di: «Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes», debe dicir: «Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos». Así mesmo, no último parágrafo deste número 1, onde di: «determínase», debe dicir: «determinarase» e onde di: «desenvólvense», debe dicir: «desenvolveranse».

Na páxina 159, artigo 265.5, nos dous últimos parágrafos deste número, onde di: «Nas actuacións...», debe dicir: «c) Nas actuacións...» e onde di: «Nos supostos...», debe dicir: «d) Nos supostos...».

Na páxina 161, artigo 267.1, penúltima liña, onde di: «Lei 6/1997, do 14 de abril, nesta sección e nos seus estatutos», debe dicir: «Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, neste capítulo e nos seus estatutos».

Na páxina 167, artigo 282.1, liña segunda, onde di: «número 5 do artigo 263», debe dicir: «alínea e) do artigo 263».

Na páxina 170, artigo 295, na última liña do parágrafo primeiro do número 1, onde di: «regulamento xeral», debe dicir: «regulamento».

Na páxina 174, artigo 304.3, última liña do segundo parágrafo, onde di: «580.3 do Código de comercio.», debe dicir: «580.3.º do Código de comercio.».

Na páxina 178, artigo 307.2.n), liñas segunda e quinta, onde di: «Comisión Permanente de Accidentes e Incidentes Marítimos» e «Comisión de Investigación, de Accidentes e Incidentes Marítimos», respectivamente, debe dicir: «Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos».

Na páxina 192, disposición adicional oitava, número 2.a), última liña, onde di: «capítulo VI do título VI.», debe dicir: «capítulo VI do título VI do libro primeiro desta lei.».

Así mesmo, o parágrafo numerado como número 4 desta disposición adicional debe ser a letra d) do número 2 dela.

Na páxina 194, na antepenúltima liña, parágrafo terceiro do número 4.a), onde di: «o punto 4.2.a)», debe dicir: «a letra b) deste número.».

Nas páxinas 201 e 202, disposición transitoria segunda, nos números 1 e 2, as comiñas que figuran en cada un dos seus subnúmeros deben terse por non postas.

Na páxina 203, no número 2.b), penúltima liña, onde di: «o artigo 153 e 154», debe dicir: «os artigos 153 e 154».

Na páxina 206, anexo I, número 11, onde di: «Arrecife, Puerto Rosario, Las Palmas (que inclúe o de Salinetas e o de Arinaga), Santa Cruz de Tenerife (que inclúe o de Granadilla), Los Cristianos, Guía de Isora, San Sebastián da Gomera, Santa Cruz da Palma e a Estaca en Canarias.», debe dicir: «Arrecife, Puerto Rosario, La Hondura, Las Palmas (que inclúe o de Salinetas e o de Arinaga), Santa Cruz de Tenerife (que inclúe o de Granadilla), Los Cristianos, San Sebastián de La Gomera, Santa Cruz de La Palma e La Estaca en Canarias.».